

XXXVI CERTAME DE XORNALISMO “BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XXXVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, de acordo coas seguintes bases:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algúin traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:

- PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
- SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2012, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

BASES

Begonte (Lugo), Nadal de 2011.